

# CONTIDOS MÍNIMOS 1º CICLO DE PRIMARIA

---

## LINGUA GALEGA E CASTELÁ

- Acadar una lectura comprensiva de textos adaptados ao seu nivel.
- Recoñecer as palabras dunha oración: artigos, verbos, nomes...
- Iniciarse na escritura de textos descritivos.
- Formar frases a partir de palabras dadas.
- Utilizar correctamente o punto e a letra maiúscula.
- Clasificar correctamente os nomes comúns e os nomes propios.
- Utilizar o artigo diante dos nomes.
- Escribir adxectivos para falar das cualidades dos nomes.
- Resumir un conto.
- Distinguir cal é a intención comunicativa das oracións que se proponen: afirmar ou negar, exclamar e preguntar.

## MATEMÁTICAS

- Coñecer a numeración ata o 999 (anterior e posterior), orde numérica e traballo básico cos números, discriminando as centenas, decenas e unidades.
- Dominar as sumas e restas con levadas así como a resolución de problemas sinxelos con ditas operacións.
- Ler e interpretar a hora en punto, a hora e media, a hora e cuarto e as menos cuarto nun reloxo.
- Distinguir e usar apropiadamente os días da semana, meses do ano.
- Realizar medicións utilizando medidas naturais.
- Discriminar os números ordinais do 1º ao 10º.
- Recoñecer e identificar o signo e a operación de multiplicar e resolver problemas sinxelos.
- Ter un coñecemento básico das figuras sinxelas e liñas rectas, curvas e poligonais en xeometría e conceptos básicos sobre a orientación espazo-temporal: dereita/esquerda, antes/despois, sucesión dun proceso...
- Coñecer e utilizar moedas e billetes de euro.
- Calcular o dobre e o triplado dun número.
- Saber interpretar gráficas sinxelas

## COÑECEMENTO DO MEDIO

- Identificar as características e diferenzas entre os animais: mamíferos, réptiles, aves, anfibios e peixes.
- Ordenar cronoloxicamente algún feitos relevantes da súa vida e utilizar para iso as unidades de tempo: hora, día, mes e ano.
- Coñecer globalmente o seu corpo: partes, esquema corporal e lateralidade.
- Coñecer a familia e os graos de parentesco.
- Identificar nun plano todas as dependencias dunha casa.
- Enumerar as principais diferenzas entre una aldea, una vila e una cidade.
- Nomear as partes dunha planta e recoñecela como ser vivo indispensable para a vida doutros seres vivos: animais e persoas.
- Identificar os usos e os estados da auga: sólido, líquido e gaseoso, e os lugares onde podemos atopala.
- Diferenzar catro grupos no lixo que xeramos habitualmente na casa: envase, lixo orgánico, papel e cartón e vidro.
- Dividir os elementos da paisaxe en elementos naturais e elementos artificiais.
- Identificar a orixe vexetal ou animal dalgúns alimentos e materiais de uso cotiá: mobles, roupa...
- Asociar cada profesión coa actividade que desempeña así como relacionar algún utensilios coa profesión na que se empregan

## LINGUA INGLESA

- Utilizar as normas de cortesía: saúdos, despedidas, dar as gracias e pedir por favor.
- Identificar varias cores.
- Recoñecer e reproducir a metade das palabras traballadas en cada centro de interese.
- Nomear algúns membros da familia, obxectos da aula, as partes da casa, as partes do corpo, animais domésticos e salvaxes, alimentos e froitas, a roupa, os xoguetes.
- Contar ata 10.
- Seguir instrucións sinxelas.
- Recoñecer e reproducir seguindo un modelo os fonemas característicos da lingua inglesa e as pautas de entonación e ritmo en palabras e frases sinxelas.
- Captar o sentido global de mensaxes orais sinxelos con apoio visual e xestual propios do desenrolo normal da clase e sobre temas coñecidos.
- Participar de forma guiada en situacións de comunicación propias do desenrolo da aula e simuladas

## EDUCACIÓN FÍSICA

- Utilizar a roupa, calzado e materiais axeitados para a práctica da actividade física.
- Adoptar as medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenvolvemento da actividade física.
- Tomar parte con interese en calquera tipo de xogos, aceptando o seu nivel de destreza e confiando nas súas propias posibilidades.
- Participar activamente en todas as actividades propostas, aceptando a todos os seus compañeiros e compañeiras sin discriminar a ningún.
- Realizar lanzamentos, recepcións e outras habilidades que impliquen manexo de obxectos coordinando os segmentos corporais e situando o corpo axeitadamente.
- Ser capaz de executar desprazamentos, saltos e xiros combinados.
- Coñecer e practicar diversos xogos populares tradicionais galegos con entusiasmo.
- Utilizar axeitadamente os espazos e os materiais cos que se desenvolve a actividade física.
- Colaborar activamente no desenvolvemento dos xogos de grupo, amosando una actitude de aceptación e de superación ante posibles frustracións que se poidan producir

## EDUCACIÓN ARTÍSTICA

- Manifestar interese e participar activamente nas diferentes realizacións plásticas.
- Empregar diferentes elementos da linguaxe visual-plástica (imaxe, forma, materiais e cor) para se comunicar e expresarse.
- Usar termos sinxelos para comentar as obras plásticas e musicais observadas e escoitadas.
- Coñecer instrumentos sinxelos e aprender o seu uso correcto.
- Interiorizar o acento e o pulso.
- Discriminar o son e o silencio a través do corpo, da audición, da voz e dos instrumentos.
- Distinguir as calidades do son: tono e altura, timbre, duración e intensidade de forma separada.
- Iniciarse na lectoescritura musical.
- Explorar distintos materiais e timbres creando as súas propias grafías musicais, convencionais e non convencionais.
- escoitar atentamente pequenas audicións do contorno.
- Cantar, danzar e participar con ilusión na interpretación de pequenas obras musicais de forma colectiva.

## RELIXIÓN

- Coñecer os aspectos básicos da relixión cristiá.
- Descubrir como Xesús cos seus feitos e palabras nos ensina a amar, axudar aos demais e a mellorar o mundo.
- Descubrir a Biblia a partir das súas narracións e distinguir o Antigo Testamento e o Novo Testamento.
- Admirar a Deus Pai como Creador de todo, que quere que coidemos e respectemos o creado.
- Acercarse afectivamente a personaxes fundamentais da Historia da Salvación, descubrindo a relación que tiveron con Deus.
- Describir como se manifesta a presenza de Deus na Igrexa a través da vivenza dos sacramentos.
- Identificar as festas e ritos cristiáns como expresións relixiosas.
- Coñecer as ensinanzas de Xesús para desenvolver actitudes de tolerancia, respecto e compromiso cara si e cara aos demais.
- Identificar as expresións artísticas nas que as persoas manifestan a súa experiencia relixiosa.
- Descubrir como Xesús triunfa sobre a morte e segue vivo entre os seus amigos